

ORDE DE PECHE DO EXERCICIO 2020

O artigo 79.2 da Lei Orgánica de Universidades (L.O.U.), establece que no exercicio das súas actividades económico-financeiras, as Universidades Públicas rexeranse polo establecido na lexislación financeira e orzamentaria aplicable ao sector público.

O artigo 47 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, establece que o exercicio económico orzamentario coincidirá co ano natural e a el se lle imputarán os dereitos liquidados no seu transcurso, calquera que sexa o período a que correspondan, e as obrigas recoñecidas ata o 31 de decembro do correspondente exercicio, como consecuencia de adquisicións, obras, subministracións, prestacións de servizos ou outro tipo de gastos realizados con cargo aos créditos respectivos dentro do correspondente ano natural.

O Real Decreto-lei 14/2012, de 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo, a través do seu artigo 6, titulado Modificación da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, apartado Cinco. 4. modifica a redacción do artigo 81.5 da LOU, quedando redactado do seguinte xeito: “As Universidades deberán confeccionar a liquidación do seu orzamento antes do primeiro de marzo do exercicio seguinte”. A modificación normativa implica un importante adiamento con respecto aos que viñan sendo os prazos ordinarios de remate das operacións de liquidación do orzamento.

Atendendo ao anterior e en virtude da competencia outorgada polo artigo 58 dos Estatutos da Universidade, e co fin de regular as operacións de peche do exercicio 2020, en relación coa contabilidade de gastos e ingresos públicos,

Esta Reitoría **resolve**:

A.- PROCESO DE CERTIFICACIÓN CORRESPONDENTE Á ANUALIDADE 2020

A.1-No relativo aos programas de consolidación e estruturación de unidades competitivas do SUG (“CONS”) -. Convocatorias 2017, 2019, 2020, Agrupacións Estratéxicas de 2018, e Axudas 2019 para a acreditación, estruturación e mellora de centros de investigación do sistema universitario de Galicia convocatoria 2019 (centros singulares e agrupacións estratéxicas)

Punto 1: Que a data límite para que a universidade entregue a certificación dos gastos e dos pagamentos na Consellería de Educación da Xunta de Galicia é o 30 de novembro de 2020.

Punto 2: Que a citada certificación permitirá vincular os gastos realizados dende a última certificación ata o 30 de novembro de 2020.

Punto 3: Que a data límite para que as empresas fornecedoras de bens e servizos presenten as facturas no punto de entrada da facturación electrónica da Xunta de Galicia será o 10 de novembro de 2020. Para garantir isto, establécense os seguintes prazos no aplicativo de pedidos:

-Data límite para SOLICITAR un pedido: 30 de outubro.

-Data límite para que o pedido sexa TRAMITADO: 6 de novembro.

-Data límite para a CONFORMACIÓN do pedido: 9 de novembro.

-Data límite para a CONCILIACION do pedido e elaboración do documento contable 15 de novembro.

Punto 4: Que a aplicación MUS está programada para non autorizar a elaboración de documentación contable alén do 15 de novembro.

Punto 5: Que todos aqueles pedidos, xustificantes ou dietas suxeitos a fiscalización previa deberán presentarse cunha antelación de 3 días hábiles.

A.2-No relativo ao programa de consolidación e estruturación de unidades competitivas do SUG ("CONS").- Convocatoria 2018

Punto 1: Que segundo a Orde pola que se convocan as axudas para o ano 2018, a data límite para que a universidade entregue a certificación dos gastos e dos pagamentos na Consellería de Educación da Xunta de Galicia é o 20 de novembro de 2020.

Punto 2: Que a citada certificación permitirá vincular os gastos realizados dende o 21 de novembro de 2019 ata o 20 de novembro de 2020.

Punto 3: Que a data límite para que as empresas fornecedoras de bens e servizos presenten as facturas no punto de entrada da facturación electrónica da Xunta de Galicia será o 20 de outubro de 2020. Para garantir isto, establécense os seguintes prazos no aplicativo de pedidos:

-Data límite para SOLICITAR un pedido: 13 de outubro.

-Data límite para que o pedido sexa TRAMITADO: 15 de outubro.

-Data límite para a CONFORMACIÓN do pedido: 19 de outubro.

-Data límite para a CONCILIACION do pedido e elaboración do documento contable 29 de outubro.

Punto 4: Que a aplicación MUS está programada para non autorizar a elaboración de documentación contable alén do 31 de outubro.

Punto 5: Que todos aqueles pedidos, xustificantes ou dietas suxeitos a fiscalización previa deberán presentarse cunha antelación de 3 días hábiles.

A.3-No relativo as axudas dos proxectos financiados pola Agencia Estatal de Investigación AEI

Establécense as seguintes instrucións relativas aos proxectos financiados polo AEI que finalizan o 31/12/2020:

Punto 1: Que a data límite para que as empresas fornecedoras de bens e servizos presenten as facturas no punto de entrada da facturación electrónica da Xunta de Galicia será o 23 de novembro de 2020. Para garantir isto, establécense os seguintes prazos no aplicativo de pedidos:

-Data límite para SOLICITAR un pedido: 06 de novembro.

-Data límite para que o pedido sexa TRAMITADO: 13 de novembro.

-Data límite para a CONFORMACIÓN do pedido: 16 de novembro.

-Data límite para a CONCILIACION do pedido e elaboración do documento contable 30 de novembro.

Punto 2: Que a aplicación MUS está programada para non autorizar a elaboración de documentación contable alén do 30 de novembro.

Punto 3: Que todos aqueles pedidos, xustificantes ou dietas suxeitos a fiscalización previa deberán presentarse cunha antelación de 3 días hábiles.

B.- OPERACIÓNS DO ORZAMENTO DE GASTOS

B.1 Recepción e tramitación de documentos contables ADO ou O

B.1.1. Documentos ADO ou O con cargo a proxectos de investigación:

No caso de proxectos financiados pola Xunta de Galicia ou pola Agencia Estatal de Investigación AEI estarase ao abeiro do indicado nas súas convocatorias específicas e o establecido nos apartados anteriores.

No caso de proxectos financiados pola Agencia Estatal de Investigación AEI que finalicen a 31/12/20 os documentos contables terán como data tope de entrada no Servizo de Contabilidade, Orzamentos e Tesouraría o día 14 de decembro.

O Servizo de Apoio á Investigación e o Desenvolvemento informará das datas de peche no programa auxiliar para a xestión dos proxectos nos que as datas sexan anteriores.

B.1.2. No referido aos demais documento ADO ou O que se deban recoñecer con cargo aos orzamentos de gastos estarase ao seguinte:

Os documentos que estean suxeitos a I.R.P.F, I.V.A. e I.V.E. Intracomunitario terán como data límite para a entrada no Servizo de Contabilidade, Orzamentos e Tesourería o día 14 de decembro.

- Data límite para SOLICITAR un pedido: 20 de novembro.
- Data límite para que o pedido sexa TRAMITADO: 27 de novembro ou 24 no caso de intervención por Control interno.
- Data límite para a CONFORMACIÓN do pedido: 4 de decembro.

Para os demais documentos (gastos sen I.V.A., I.V.E. nin I.R.P.F. tales como tickets ou comisións de servizo) a data límite para a entrada no Servizo de Contabilidade Orzamentos e Tesourería, será o día 28 de decembro.

- Data límite para SOLICITAR un gasto: 4 de decembro.
- Data límite para que o pedido sexa TRAMITADO: 11 de decembro ou 7 no caso de intervención por Control interno.
- Data límite para a CONFORMACIÓN do gasto: 18 de decembro.

Debe terse en conta que todos os documentos contables que deban ser obxecto de intervención deberán ter entrada no Servizo de Control Interno cunha antelación mínima de tres días hábiles con respecto ás datas anteriormente indicadas. Asemade esa mesma antelación é precisa para aqueles pedidos ou xustificantes que se imputen ao exercicio 2020 e que superen os límites que obrigan a pasar polo estado de “En fiscalización previa”.

O Servizo de Control Interno procederá á devolución ao órgano xestor, daqueles documentos contables que incumpran o anteriormente sinalado.

B.2. Recepción e tramitación de documentos contables AD

Para os gastos que efectivamente se realizaron no exercicio 2020, pero cuxo xustificante ou factura non se recibira nas datas establecidas nesta orde, permitirase a confección de documentos na fase AD. Estes deberán vir acompañados da documentación soporte suficiente que permita comprobar a efectiva realización do gasto nas datas establecidas: albarás valorados e/ou asinados, etc... Unicamente se confeccionarán os documentos contables (AD) con importe superior a 200,00 € máis IVE. Os gastos que non iguallen ou superen ese importe deberán ser imputados ao orzamento do exercicio 2020.

Novidade: de acordo coa normativa orzamentaria, non se poden comprometer créditos con cargo a aplicación orzamentarias, do exercicio que se pecha, das que non se teña constancia da súa dotación orzamentaria no Orzamento inicial do exercicio seguinte. Nestes casos deberase proceder crear un novo pedido/xustificante no exercicio 2021 con cargo a unha aplicación orzamentaria que teña dotación orzamentaria inicial no Orzamento 2021.

(como exemplo indicar que non se admitirán documentos contables AD elaborados en aplicación orzamentarias que non teñan dotación orzamentaria inicial asignada nos orzamentos para o exercicio 2021, tal e como sucede coa 626 dos centros entre outras.

Os documentos de importe inferior a 12.000€ remitiranse directamente ao Servizo de Contabilidade e os de importe igual ou superior a 12.000€ enviaranse ao Servizo de Control Interno.

Excepcionalmente, e so nos caso dos gastos referidos á electricidade, telefonía, gasóleo, auga e correos, cando non se dispoña da documentación xustificativa para a confección do documento contable, o importe corresponderase coa estimación do gasto en ditas subministracións en función dos datos históricos que obren nos diferentes órganos xestores.

Os documentos anteriores deberán estar confeccionados con data tope do 28/12/2020 e ter entrada no Servizo de Contabilidade ou Servizo de Control Interno, segundo corresponda, antes do 7 de xaneiro do ano 2021. No suposto de estar suxeitos a fiscalización previa, a remisión ao Servizo de Contabilidade por parte do Servizo de Control Interno será anterior ao 15 de xaneiro do ano 2021.

Os Administradores de Centro/Ámbito e os Xefes de Servizo nos que se xestionen proxectos de investigación que finalicen no exercicio que se pecha deben indicar aos responsables dos mesmos que non é posible comprometer crédito para a súa execución no exercicio seguinte cando o proxecto finalice no exercicio en curso.

O Servizo de Control Interno procederá a devolución ao órgano xestor, daqueles documentos contables que incumpran o anteriormente sinalado.

B.3. Operacións a través das contas de anticipos

Durante o mes de decembro poderán realizar pagos a través da conta de anticipos de caixa fixa ata o 28 de decembro.

Deben xustificarse, e reintegrarse, antes do 18 de decembro os anticipos que se solicitaron á conta central. Nesta data deben estar tamén xustificadas e reintegradas as cotas do VIA-T.

A conciliación da conta de anticipos debe enviarse ao Servizo de Contabilidade, Orzamentos e Tesourería, con anterioridade ao 22 de xaneiro de 2021.

B.4 Outros gastos asociados á execución do orzamento 2020

No artigo 15.1 parágrafo 5º das normas de desenvolvemento do Orzamento 2020 di “O Reitor excepcionalmente poderá acordar a incorporación do crédito dispoñible a 31 de decembro nas aplicacións orzamentarias correspondentes ás axudas a equipos de investigación, á dotación de laboratorios docentes e á produción científica, previa petición que deba vir acompañada da memoria xustificativa da necesidade. No caso de aprobarse esta incorporación, o crédito debe executarse, ineludiblemente, durante o exercicio ao que se incorpore.” A data límite de recepción da documentación á que se refire este parágrafo será o 27 de novembro.

B.5 Modificacións orzamentarias

Os expedientes de modificación orzamentarias terán como data límite de entrada no Servizo de Contabilidade, Orzamentos e Tesourería o día 9 de novembro, con independencia de cal sexa o órgano competente para a súa aprobación, agás as relativas ao Capítulo 1 e as que por causas excepcionais considere a Xerencia.

Para os efectos de dar cumprimento ao indicado no parágrafo anterior a data límite para a recepción das propostas nos negociados de asuntos económicos é o 30 de outubro.

B.6 Nóminas e seguridade social

A nómina do persoal da Universidade farase efectiva partir do 21 de decembro. Os documentos necesarios para confeccionar os documentos ADO deben estar a disposición do Servizo de Contabilidade, Orzamentos e Tesourería como máis tardar o día 14 de decembro.

C.- OPERACIÓNS DAS PREVISIÓNS DE INGRESOS

O recoñecemento de dereitos polos importes de matrícula pendentes de ingresar obtense da información que facilita o programa auxiliar de Xestión Académica referido a data 31 de decembro.

D.- PATRIMONIO E INVENTARIO

A regularización do inventario de bens mobles e inmobles farase con data 30 de decembro en función dos datos que achegue a Unidade de Servizos Xerais, antes do 15 de xaneiro de 2021.

A regularización de obra en curso farase con data 30 de decembro en función dos datos que achegue o Servizo de Xestión Económica e Contratación, antes do 15 de xaneiro de 2021.

E.- APERTURA EXERCICIO 2021

Unha vez pechado o exercicio de 2020, procederase á contabilización no exercicio 2021 das operacións procedentes do exercicio anterior de acordo coa seguinte orde de prelación:

- Anualidade de 2021 consecuencia de compromisos plurianuais contraídos en exercicios anteriores.
- Autorizacións e Compromisos de créditos correspondentes a expedientes con tramitación anticipada
- Compromisos de gastos realizados en 2020 e que non acadaron a fase de obriga.

Dos documentos enumerados nos apartados anteriores unicamente se deben remitir ao Servizo de Contabilidade, Orzamentos e Tesourería os correspondentes o último apartado, xa que os documentos referidos a gastos plurianuais e tramitación anticipada xa figuran contabilizados no Sistema de Información Contable (SIC) e coa apertura no novo exercicio imputaranse de forma automática os créditos correspondentes.

Só cando se contabilizasen as operacións enumeradas nos apartados anteriores comezarán a tramitarse operacións correspondentes ao exercicio 2021.

F.- FACULTADES DA XERENCIA.

Autorízase á Xerencia para ditar as instrucións necesarias para o cumprimento desta resolución reitoral.

G.- ANEXO.-Cronograma de peche orzamento 2020

Vigo, 17 de setembro de 2020

O REITOR

Asdo.: Manuel Joaquín Reigosa Roger